

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A CORUÑA)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I.- CREACIÓN DE HONRAS E DE DISTINCIÓNS.

Artigo 1.- Creación de honras e distincións

Artigo 2.- Clases de distincións honoríficas.

CAPÍTULO II.- AS DISTINCIÓNS E AS CLASES.

Artigo 3.- Medalla do Concello.

Artigo 4.- Deseño da Medalla do Concello.

Artigo 5.- Veciño/a Ilustre.

Artigo 6.- Forma do Título de Veciño/a Ilustre.

Artigo 7.- Fillo/a Escolleito/a.

Artigo 8.- Forma do Título de Fillo/a Escolleito/a.

Artigo 9.- Fillo/a Adoptivo/a.

Artigo 10.- Forma do Título de Fillo/a Adoptivo/a.

Artigo 11.- Nominación de vías ou instalacións públicas

CAPÍTULO III.- DA PROPOSTA E CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS.

Artigo 12.- Iniciativa do expediente.

Artigo 13.- Contido das propostas.

Artigo 14.- Fase de instrución.

Artigo 15.- Resolución polo Pleno.

Artigo 16.- Requisitos temporais de concesión de honras.

Artigo 17.- Prohibicións de concesión por razón do cargo.

CAPÍTULO IV.- DA IMPOSICIÓN E USO DAS RECOMPENSAS E DOS DEREITOS E HONRAS QUE CONFIREN.

Artigo 18.- Acto público de imposición.

Artigo 19.- Dereitos e honras que confiren.

CAPÍTULO V.- DA PERDA DOS DEREITOS DO USO DAS DISTINCIÓNS E HONRAS.

Artigo 20.- Perda das distincións e honras.

CAPÍTULO VI.- DO CONTROL E DO REXISTRO DAS HONRAS E DAS DISTINCIÓNS.

Artigo 21.- Rexistro das honras e distincións.

CAPÍTULO VII.- LIBRO DE OURO

Artigo 22.- Libro de Ouro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN FINAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Municipio como marco por excelencia da convivencia civil e fiel reflexo da calidade democrática, económica e social de cada época histórica, no gozo da súa autonomía nos límites constitucionais, necesita e requíreselle polos veciños que prevea os medios a través dos cales poidan recoñecerse os méritos daquelas persoas ou institucións que teñan destacado polos servizos ó seu interese.

Iso debe abranguer, sen dúbida, tanto a membros da comunidade municipal como a persoas ou entidades públicas ou privadas que se consideren democraticamente merecedoras dunha homenaxe expresa por parte do Concello de Val do Dubra.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de decembro, dedica a Sección V do Capítulo Primeiro do Título VI, ás Honras e Distincións. E sinala taxativamente no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos sinalados ou servizos extraordinarios . E no seu artigo 190 dise que os concellos terán facultades para acordar nomeamentos de fillos escolleitos e adoptivos e de membros honorarios da corporación, atendendo ós méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruírá para o efecto.

E fixa un inexcusable desenvolvemento normativo, para a súa aplicación, a través dun regulamento especial que é o que aprobou o Pleno do Concello e que a continuación se transcribe:

CAPÍTULO I CREACIÓN DE HONRAS E DISTINCIONES

Artigo 1.- Creación de honras e distincións.

Atendido que o Excmo. Concello ten facultades para honrar ou dar celebridade, a persoas, institucións e entidades polo mérito do traballo realizado ou pola conduta seguida que contribuíra a aumentar o prestixio do municipio, crea as honras e distincións a que se refire este regulamento.

Artigo 2.- Clases de distincións honoríficas.

Establécense as seguintes distincións honoríficas:

- Medalla do Concello.
- Título de Veciño/a Ilustre.
- Título de Fillo/a Escolleito/a.
- Título de Fillo/a Adoptivo.
- Nominación de vías e instalacións públicas

CAPÍTULO II AS DISTINCIÓNS E AS CLASES

Artigo 3.- Medalla do Concello.

A Medalla do Concello é un distintivo que a Corporación Municipal outorga con carácter individual ou colectivo a persoas físicas, xurídicas, institucións e entidades que se distinguiron no melloramento cultural, científico, social ou económico de Val do Dubra. Establécense tres categorías de Medallas: ouro, prata e bronce.

Artigo 4.- Deseño da Medalla do Concello.

A Medalla do Concello ten o deseño e formato que constan no anexo.

Artigo 5.- Veciño/a Ilustre.

O Título de Veciño/a Ilustre pódese outorgar a quen destacase pola personalidade humana en calquera aspecto da vida e que reúna as condicións establecidas no artigo primeiro deste regulamento.

Artigo 6.- Forma do título de Veciño/a Ilustre.

O título consistirá nun pergamiño coa seguinte lenda:

"O Excmo. Concello de Val do Dubra, en interpretación do sentimento xeral da veciñanza, concede a _____ o merecido e honroso título de VECIÑO/A ILUSTRE DE VAL DO DUBRA, como público recoñecemento dos singulares méritos adquiridos co seu labor constante polo ben dos intereses da poboación dubresa.
(CONSTARÁ A DATA DO RECOÑECIMENTO)

Artigo 7.- Fillo Escolleito/a.

O Título de Fillo Escolleito/a pódese outorgar, igualmente, ós dubreses que destacaran pola personalidade humana en calquera aspecto da vida e que reúnan as condicións establecidas no artigo primeiro deste regulamento.

Artigo 8.- Forma do título de Fillo Escolleito/a.

O título consistirá nun pergamiño coa seguinte lenda:

"O Excmo. Concello de Val do Dubra, en interpretación do sentimento xeral da veciñanza, concede a _____ o merecido e honroso título de FILLO ESCOLLEITO/A DE VAL DO DUBRA, como público recoñecemento dos singulares méritos adquiridos co seu labor constante en pro dos intereses espirituais e materiais deste municipio.
(CONSTARÁ A DATA DO OUTORGAMENTO)

Artigo 9.- Fillo/a Adoptivo/a.

O Título de Fillo/a Adoptivo/a pódese outorgar a aquelas persoas que, sen teren nacido no Concello de Val do Dubra y sendo, ou non, residentes no Concello, teñan con este vinculación continuada polo seu reiterado e eficaz labor a favor dos intereses de Val do Dubra e/ou polas súas acreditadas actuacións en calquera aspecto das actividades humanas.

Artigo 10.- Forma do Título de Fillo/a Adoptivo/a.

O título consistirá nun pergamiño coa seguinte lenda:

"O Excmo. Concello de Val do Dubra desexando quede constancia do eterno agradecemento, ou interpretando o sentir unánime da súa veciñanza, hónrase concedendo a _____ o título de FILLO/A ADOPTIVO/A DE VAL DO DUBRA como público recoñecemento dos grandes méritos contraídos pola súa conduta exemplar observada reiteradamente en pro dos intereses morais e materiais desta capital. (CONSTARÁ A DATA DO OUTORGAMENTO)

Artigo 11.- Nominación de vías ou instalacións públicas.

O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, ou instalación municipal co nome dunha persoa especialmente significativa para o Municipio, recoñecendo con iso especiais merecementos.

A designación requirirá a maioría absoluta dos concelleiros que concorren á sesión.

CAPÍTULO III

DA PROPOSTA E CONCESIÓN DE HONRAS E DE DISTINCIÓNS

Artigo 12.- Iniciativa do expediente.

O expediente instruírase a proposta da Alcaldía, mediante a presentación da correspondente moción razoada, ou a proposta dunha Comisión Informativa, mediante o correspondente ditame.

Artigo 13.- Contido das propostas.

As propostas especificarán os méritos e as circunstancias que serán obxecto do expediente, as persoas físicas, xurídicas, institucións ou entidades para as que se soliciten os galardóns e a súa categoría.

Artigo 14.- Fase de instrución.

Nas propostas achégaranse todos os datos ou antecedentes que teña o Concello relacionados co obxecto que os promova e practícaranse as dilixencias necesarias para computar completamente os feitos.

Artigo 15.- Resolución polo Pleno.

A resolución que corresponda, adoptaríaa o Concello en Pleno e deberá obter os votos favorables da maioría absoluta dos membros da Corporación. Todas as votacións referentes á concesión de Honras e Distincións faranse de forma secreta e nominal.

Artigo 16.- Requisitos temporais de concesión de honras.

A Medalla do Concello de Val do Dubra concederase en vida ou no ano seguinte ó do pasamento do distinguido.

O Título de Fillo/a Adoptivo/a e o de Fillo/a Ilustre pódese conceder en vida ou a título póstumo, sen limitación temporal.

Artigo 17.- Prohibicións de concesión por razón do cargo.

Non se poden tomar acordos que outorguen distincións a persoas que desenvolvan altos cargos na Administración, respecto dos que a Corporación se atope en relación subordinada de xerarquía agás o outorgamento da medalla do Concello, de función ou de servizo e en

tanto que subsistan estes motivos. Tampouco se poden outorgar ós membros da Corporación en exercicio.

CAPÍTULO IV

DA IMPOSICIÓN E USO DAS RECOMPENSAS E DOS DEREITOS E HONRAS QUE CONFIREN

Artigo 18.- Acto público de imposición.

Os atributos ou os documentos representativos das distincións concedidas, libráraos o alcalde nun acto público de homenaxe.

Artigo 19.- Dereitos e honras que confiren

Os posuídores das distincións que se sinalan neste regulamento poden mostraras en calquera acto público e serán convidados especialmente a todos os actos que organice a Corporación.

CAPÍTULO V

DA PERDA DOS DEREITOS DO USO DAS DISTINCIÓNS E HONRAS

Artigo 20.- Perda das distincións e honras.

Ainda que as concesións que se preceptúen neste regulamento teñan carácter irrevocable, se algún dos seus titulares chega a ser indigno de posuílas por causas que afecten gravemente á honra, a Corporación Municipal deberá retirarllelas. Esta decisión se adoptarase en votación secreta e por unanimidade, despois de instruído o expediente xustificativo dos feitos ocasionantes desta medida.

CAPÍTULO VI

DO CONTROL E DO REXISTRO DAS HONRAS E DAS DISTINCIÓNS

Artigo 21.- Rexistro das honras e distincións.

A Secretaría Xeral levará un Rexistro dos títulos expedidos, por orde cronolóxica e correlativa numeración, coa pertinente separación para cada distinción concedida e a clase de medallas.

CAPÍTULO VII: LIBRO DE OURO

Artigo 22.- Libro de Ouro.

No Libro de Ouro de Personalidades e Institucións, segundo o criterio do señor alcalde, recolleranse as consideracións e dedicacións coa sinatura das personalidades ou representantes das institucións con ocasión da súa presenza na Casa do Concello, ou noutro lugar do municipio, se así se decide expresamente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Pleno do Concello regulará mediante acordo adoptado por maioría absoluta, un protocolo complementario dos actos determinados na lexislación electoral xeral, de toma de posesión dos concelleiros, elección do alcalde e constitución da Corporación.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, que consta de vinte e dous artigos, unha disposición adicional e unha disposición final, entrará en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e permanecerá en vigor mentras non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Prescricións técnicas

A medalla será circular cun diámetro de 40 mm e perforada na súa parte superior. Terá anverso e reverso. Penderá dunha cinta ou cordón de cor azul e branca.

Anverso: O escudo, legalmente aprobado, de Val do Dubra, da seguinte descrición: en azur unha arca de prata, surmontada dun cometa ranversado do mesmo metal. Deberá timbrarse o escudo de armos do dito teor, cunha coroa real de España, que é un círculo engastado de pedras preciosas, composto de oito floróns (cinco vistos) de follas de acanto, interpolados de perlas e de cuxas follas saen outras tantas diademas, sumadas de perlas que converxen nun mundo de azul co semimeridiano e o ecuador, de ouro, sumado dunha cruz, de ouro e a coroa forrada de gules (vermello).

Reverso: Levará gravada a data de outorgamento ou de imposición no seu caso.

B) Sometelo a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolvendo todos os que se presenten dentro do prazo

C) Para o caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivo o acordo ata entón provisional.